Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE APOIO Á IMPLANTACIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN DOS EDIFICIOS

RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2017 pola que se convocan para o ano 2017 as subvencións do Programa de apoio á implantación do informe de avaliación dos edificios do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016. (Publicación no DOG núm 111 do martes 13 de xuño de 2017).

Beneficiarios:

Poderán obter a condición de persoas ou de entidades beneficiarias destas axudas as comunidades de propietarios/as e as agrupacións de comunidades de propietarios/as, legalmente constituídas, así como as persoas físicas propietarias únicas de edificios de carácter predominantemente residencial.

Obxecto:

1. Esta resolución ten por obxecto convocar, en réxime de concorrencia competitiva, as subvencións do Programa de apoio á implantación do informe de avaliación dos edificios do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, para a anualidade 2017.

2. Estas subvencións están destinadas a cubrir parte dos gastos dos honorarios profesionais derivados da emisión dun informe de avaliación dos edificios que inclúa a análise das condicións de accesibilidade, eficiencia enerxética e do seu estado de conservación.

Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Máis información:

Na Consellería de Infraestruturas e Vivenda e no Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).

Na oficina de rehabilitación do Concello de Padrón, poden informalle destas axudas e axudarlle coa tramitación.

Padrón, 13 de xuño de 2017

A concelleira de casco histórico,

EXCMO. CONCELLO DE PADRÓN (A Coruña)

Asdo. Lorena Couso Dopazo.